



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 16 DE ABRIL DE 2014**

### **LICENZAS**

**LIC/1156/2012.- AGUSTIN VÁZQUEZ ILLODO.-** Conceder a modificación da licenza outorgada na Xunta de Goberno Local na sesión do 29.11.2012 para a construción dunha vivenda unifamiliar no Lugar de Folgoso, Figueiras 17.

**LIC/1313/2013.- MARIA DEL CARMEN GESTO CANCELA.-** Conceder a licenza para a construción de vivenda unifamiliar en Lugar O Barreiro, 7.

### **DEVOLUCIÓNS DE FIANZA**

LIC/359/2014.- FIBRA Y SISTEMAS SL.....LAP/37/2010.....2.000€

### **4.- Recepción de obras.**

En relación a este punto anúnciase o inicio dos trámites de recepción das obras da Rúa de San Pedro e do Corredor verde Bonaval-Almáliga á vista do informe emitido polo Director de obra e do Servizo de Contratación.

### **5.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do Plan de Inspección Urbanística do Concello de Santiago.**

A proposta da Concelleira de Desenvolvemento Urbano e Sostible a XGL aprobou o Plan de inspección Urbanística do Concello de Santiago co que se pretende a optimización dos medios cos que conta esta Administración e tendo presentes os criterios de racionalidade, proporcionalidade e seguridade xurídica. Trátase de acadar a maior eficiencia e transparencia no exercicio da potestade de control da legalidade urbanística, así como de establecer os criterios, obxectivos e principais liñas de actuación.

Os criterios de actuación serán: a gravidade das infraccións, a natureza da actividade, as molestias que poidan causar, a perigosidade ou a agresión da obra ou actividade sobre o medio físico ou contra a protección cultural ou ambiental.

### **6.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación inicial da Conta de liquidación definitiva das unidades de actuación B de Penamaría.**

As cotas de urbanización poden definirse como as cantidades que en metálico ou en terreos edificables deben de aboar os propietarios dos terreos afectados anticipadamente ou non, para sufragar os gastos de actuación urbanística, en proporción ao aproveitamento ou ao valor urbanístico dos terreos.

Tralo informe da técnica de Planeamento e Xestión e unha vez que se conta coa conformidade da Intervención Municipal, e a proposta da Concelleira de Desenvolvemento Urbano e Sostible a XGL aprobou a conta de liquidación da unidade de actuación B de Penamaría elaborada pola Sección Municipal de Xestión Urbanística en febreiro de 2014, cun resultado de saldo de 226.826,47 €, que tras as correspondentes deducións ascende a 88.256,26 €.

### **7.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación da Constitución da Xunta de Compensación do Polígono 39. Casas do Rego.**

Apróbase a proposta.

### **8.- Proposta do Director de Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa ao Proxecto de renovación de viais e beirarrúas na Avenida de Quiroga Palacios.**

Á vista do informe-proposta do Director da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible a XGL aprobou o proxecto técnico para a renovación de viais e beirrarúas na Avenida Quiroga Palacios. Este proxecto faise necesario toda vez que foron detectadas deficiencias como a dimensión insuficiente dos alcorques, rotura de lousas, deficiencias nos pasos de peóns e puntos conflitivos nas escaleiras de baixada entre outros. Con este proxecto farase unha mellor distribución da vía pública. Eliminarase unha liña de aparcamento entre o Convento e o Seminario. Coa nova distribución a rúa terá un mínimo de 48 prazas de aparcamento, sendo dúas delas para persoas con mobilidade reducida. O orzamento de licitación desta obra é de 643.075,37 €. E terá un prazo de execución de seis meses.

**9.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade relativa á SOLICITUDE DE TRANSMISIÓN DA LICENZA DE AUTOTAXI NÚM. 47, DA TITULARIDADE DE D.ISIDRO SÁNCHEZ BLANCO, A FAVOR DE D. JOSÉ ANTONIO COUTO CASTRO.**

Autorízase a transmisión.

**10.- PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA RELATIVA Á TRANSMISIÓN DAS CASETAS DA PRAZA DE ABASTOS NÚM. NC059 e NC060, DA TITULARIDADE DE D. MAXIMINO PASARÍN LAMAS, A FAVOR DA SÚA DONA Dna. GUADALUPE PAJARO GONZÁLEZ.**

Autorízase a transmisión.

**11.- PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA RELATIVA Á AUTORIZACIÓN DE TRANSMISIÓN DA CASETA DA PRAZA DE ABASTOS NÚM. NA339, DA TITULARIDADE DE D. JOSÉ FERREIRO ZAPATA, A FAVOR DA SÚA FILLA Dna. ISABEL FERREIRO OTERO.**

Autorízase a transmisión.

**12.- PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA RELATIVA Á AUTORIZACIÓN DE TRANSMISIÓN DA CASETA DA PRAZA DE ABASTOS NÚMERO "NC165", DA TITULARIDADE DE D. MANUEL OZOREZ NÚÑEZ, A FAVOR DO SEU FILLO D. JUAN JOSÉ OZORES BÓVEDA.**

Autorízase a transmisión.

**13.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Comercio relativa á aprobación das bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a realización de actividades de promoción e dinamización comercial no Concello de Santiago para 2014.**

O sector comercial é un sector básico en toda planificación económica e a defensa e promoción da estrutura comercial é unha finalidade irrenunciábel nun proxecto de cidade, tanto pola gran repercusión social deste sector como por constituir unha fonte importante de xeración de riqueza e emprego. Por estes motivos a Concellaría de Comercio promove esta convocatoria para levar a cabo a promoción de actividades comerciais por parte das asociacións de comerciantes ou por claquera entidade representativa de pequenas e medianas empresas. O importe destas axudas suma un total de 45.000 €.

**14.- Proposta do concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade relativa á aprobación do proxecto de modificación do artigo 35.4 da Ordenanza do servizo de transporte colectivo en autobús.**

Transcorridos nove anos desde a aprobación da Ordenanza do Servizo de transporte colectivo en autobús faise necesario realizar unha modificación en relación aos animais no transporte público. Visto isto o artigo 53.4 da Ordenanza quedará co seguinte teor literal: "Os invidentes poderán acceder ao autobús debidamente acreditados con can-guía; así mesmo, poderase acceder con pequenos animais domésticos sempre que os seus donos os leven en cestas ou gaiolas axeitadas, non produzan molestias polo seu olor ou ruído e non contraveñan o establecido nos artigos 35 e 36 da presente Ordenanza".

**15.- Proposta da concelleira delegada de Normalización Lingüística relativa á aprobación da convocatoria do I Concurso de proxectos de publicidade comercial en galego.**

A proposta da concelleira de Normalización Lingüística a XGL aprobou a convocatoria deste Concurso de proxectos de publicidade comercial en galego. Con esta acción preténdese promover o uso do galego na comunicación do sector socioeconómico compostelán e engadir valor e rendemento ás iniciativas publicitarias a través da intervención dos profesionais do deseño e da aplicación da creatividade e da innovación e ao seu contido.

O prazo para a presentación dos proxectos publicitarios é ata o 14 de xuño de 2014 no Rexistro Xeral do Concello. O premio para o gañador será de 5.000 €.

**16.- Proposta da concelleira delegada de Xuventude relativa á prórroga do servizo de dinamización e xestión de actividades nos locais municipais de música para a xuventude de Compostela.**

Con data 19 de abril de 2013 iniciouse o contrato administrativo deste servizo co prazo dun ano prorrogable a dous. Posto que actualmente xa se está tramitando o concurso para adxudicar de novo este contrato, a XGL aprobou, a proposta da Concelleira de Xuventude, a prórroga deste servizo por un prazo de tres meses e que terá un custo de 2.601,48 €.

**17 a 50.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre bens inmobles, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.**

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

**51.- Corrección de erro no punto 67 da sesión de 20.3.14, relativo á actualización das tarifas dos servizos do TANATORIO SAN LÁZARO, SL. para 2014.**

Advertido o erro nesta proposta a XGL aprobou suprimir a tarifa de cremación de restos por non atoparse no contrato orixinal e a espera do informe que emita o Departamento de Contratación ao respecto.

## **URXENCIAS**

**2.-Proposta do Concelleiro de Deportes.**

Trala petición por parte da Federación Galega de Fútbol de poder utilizar o Campo de San Lázaro para o II Torneo de Coca-Cola de fútbol de categoría cadete, a proposta do Concelleiro de Deportes a XGL aprobou conceder o uso para este evento deportivo do Campo de San Lázaro de forma gratuita e autorizando tamén a colocación de elementos publicitarios no campo.

**4.-Proposta da Concelleira de Desenvolvemento Urbano e Sostible de repavimentación da Avenida de Vilagarcía.**

A XGL aprobou este proxecto que suporá un arranxo en profundidade desta Avenida e ten un orzamento de licitación de 496.733,51 € IVE incluído.  
O prazo de execución destas obras será de oito meses.

**5.-Proposta da Concelleira de Desenvolvemento Urbano e Sostible de mellora da pavimentación na Rúa 25 de xullo.**

A XGL aprobou este proxecto que suporá a mellora do pavimento desta rúa e ten un orzamento de licitación de 280.874,47 € IVE incluído.  
O prazo de execución destas obras será de tres meses.

**6.-Proposta da Concelleira de Desenvolvemento Urbano e Sostible.**

A XGL aprobou a proposta da Concelleira de Desenvolvemento Urbano o expediente para a contratación do Servizo de desbroce, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viario, Barreiros, fluviais e parcelas municipais do término municipal de Santiago.

O orzamento deste contrato será o seguinte:

Anualidade 2014: 115.000,01 € IVE incluído.

Anualidade 2015: 115.000,00 € IVE incluído.

**7.-Proposta da Concelleira de Desenvolvemento Urbano e Sostible.**

A proposta desta Concelleira quedou aprobada a xustificación do convenio co Refuxio de animais respecto das contas de 2013.

**8.-Proposta da Concelleira de Desenvolvemento Urbano e Sostible.**

A XGL aprobou a adxudicación á empresa CONTENUR S.L. do Servizo de reparación e adaptación á normativa vixente das áreas de xogos infantís e dos circuitos biosaudables do Concello de Santaigo.

Este servizo adxudicase por un importe de 107.760,93 €.

**9.-Proposta do Concelleiro de Festas.**

A XGL aprobou a proposta do Concelleiro de Festas de prórroga do contrato de concesión de bens de uso público municipal na Alameda para a colocación de postos durante as Festas do

Apóstolo 2012-2013 e que fora adxudicado á empresa POMBO EVENTOS ATRACCIONES DE FERIAS S.L.

Con esta prórroga queda ampliado o período da concesión coas seguintes datas:

Festas da Ascensión: do sábado 17 de maio de 2014 a domingo 1 de xuño de 2014.

Festas do Apóstolo: do domingo 13 de xullo de 2014 a venres 1 de agosto de 2014.